



O ARCEBISPO  
DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

2 de febreiro de 2022

## Carta Pastoral no Día diocesano del Catequista

Queridos/as catequistas:

Diríxome a todos vós co gozo que leva unido o agradecemento pola dedicación e entrega que estades a demostrar como catequistas na diocese. Acórdome de vós e vos acompañeo coa miña oración. Cando vou ás parroquias percibo que o voso compromiso é grande e moi necesario no conxunto da pastoral diocesana. Para os nenos, nenas e mozos que acompañades dalgunha maneira tamén sodes a súa familia o que vos honra pero tamén vos responsabiliza. A gloria na misión sempre vai acompañada da cruz. Coa vosa disponibilidade estades a dar sentido ás súas vidas ao introducilos no coñecemento de Xesús e da Igrexa que lles fortalece coa vida sacramental. Calzádelles en todo momento as sandalias da esperanza para que aprendan a mirar o futuro con confianza! Considerade as circunstancias que estamos a vivir non como unha dificultade senón como oportunidade que o Señor nos ofrece para tomar conciencia da súa Providencia amorosa que nos leva a movernos no misterio! Moitas grazas!

**O Día diocesano do Catequista** terémolo, Deus mediante, **o 5 de marzo, e o 13 será o Día da Catequese nas Parroquias.** Nesta ocasión, ademais do recordo do Venerable Don Baltasar, referencia significativa na Catequese diocesana, o contexto é o Ano Santo Compostelán que lle dará formato á Asemblea diocesana como así indica o lema: “**Con Santiago chamados a ser catequistas en camiño**”. Sendo o Apóstolo o noso primeiro catequista, encomendámonos a el para realizar a vocación de catequistas, sentíndonos sempre en camiño para acompañar e deixarnos acompañar, e descubrindo a beleza de camiñar xuntos, fixos os ollos na meta que é a que lle dá sentido ao camiño. Como di o proverbio: “Se queres ir de presa, vaiche só: se queres chegar lonxe ve acompañado”. A catequese non deixa de ser unha peregrinación para descubrir e ofrecer a novidade de Jesús aos catequizandos. Anímovos a participar nas xornadas programadas.

A miña gratitud ao Sr. Delegado diocesano de Catequese e a quen colabora con el, recoñecendo o encomiable labor que están a realizar con tanta constancia, esforzo e xenerosidade.

Rezo con todos vós pedindo que o Señor concedese a súa gloria ás persoas catequistas que terminaron a súa peregrinación nesta vida ao longo do pasado ano. Como di o papa Francisco, “a dinámica dos cristiáns non é reter con nostalxia o pasado, senón acceder á memoria eterna do Pai, e isto é posible vivindo unha vida de caridade”.

Saúdavos con afecto e bendí no Señor,

  
+ Julián Barrio Barrio,  
Arcebispo de Santiago de Compostela.